


# PATRIMONIO LÉXICO DA GALLAECIA (PLG) LÉXICO PATRIMONIAL E DIALECTOLOXÍA

Marta Negro Romero & Xulio Sousa  
[marta.negro@usc.gal](mailto:marta.negro@usc.gal) / [xulio.sousa@usc.gal](mailto:xulio.sousa@usc.gal)

Instituto da Lingua Galega - Universidade de Santiago de Compostela



Este recurso ten como obxectivo documentar e mostrar a variación no léxico patrimonial dentro do territorio histórico peninsular coñecido como Gallaecia. Con este propósito, ofrece información recompilada de distintas fontes e permite observar a distribución de variantes denominativas correspondentes a unha selección de conceptos.

A información léxica tómasse de diferentes traballos que rexistran vocabulario dialectal con referenciación xeográfica. O recurso está vinculado co “Tesouro do léxico patrimonial galego e portugués”.

Para realizar unha busca no PLG poden escollerse dúas vías:

- Seleccionar un campo semántico e a continuación escoller o concepto de interese entre a lista que se ofrece, ordenada alfabeticamente.
- Seleccionar un concepto sen realizar unha escolla previa de campo semántico.

Como resultado da busca a aplicación ofrece unha relación dos lemas que se utilizan para expresar ese concepto na área territorial estudada.

The screenshot shows the PLG application interface. On the left, a map of Galicia displays the geographical distribution of lemmas. A popup window for 'Dumbría' shows the lemma 'cañoto' with 3 variants and 'miolo' with 1 variant. On the right, a search results panel shows the semantic field '3 Agricultura' and the concept 'carozo'. Below this, 18 lemmas are listed with checkboxes, including 'carozo/caroço', 'carolo', 'cafulo', 'cañoto', 'miolo', 'cadolo', 'casulo', 'arolo', 'cachulo', 'cadabullo', 'capuco', 'caroíno', 'caroza', 'carrilho', and 'carroucho'. A 'home.variantes' popup shows 10 variants for 'carolo' and 1 for 'curolo'. At the bottom, there are buttons for 'Gardar mapa' and 'Descargar datos'.

Na parte esquerda da pantalla aparece o mapa coa distribución xeográfica dos lemas. Ó clicar sobre os símbolos ábrese unha ventá co nome do concello e o lema ou lemas, acompañados das variantes correspondentes ❶. Tanto o lema coma as variantes levan un hipervínculo que conduce ás entradas correspondentes no “Tesouro do léxico patrimonial galego e portugués”.

O bordo puntuado nos símbolos ❷ indica que nese concello se recolleron varios lemas; o que corresponde á cor do símbolo é o que se rexistrou como máis frecuente. Os números que acompañan os lemas e as variantes indican o número de veces que se rexistrou cada forma.

Na parte dereita da pantalla móstranse os resultados da busca: a relación de lemas diferentes ordenados por frecuencia de ocorrencia ❸, o número de veces que se recolleu cada un deles ❹ e o símbolo co que se representa no mapa o lema ❺. Os lemas galegos e portugueses que son variantes fónicas ou gráficas aparecen separados por unha barra. Ó clicar sobre os números con fondo gris ábrese unha ventá ❻ en que se indica cales son as variantes ortográficas e fonéticas asociadas a ese lema e o número de veces que aparece.

Os usuarios poden descargar e gardar os datos da busca (en formato csv) e o mapa (en formato png) clicando na barra que figura debaixo dos lemas ❼.

